

VICENTE GÓMEZ GARCÍA, deputado do Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ao previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 10 do Regulamento Orgánico da Corporación,

EXPRESA

Que a Deputación de Ourense aprobou, no pleno do día 30 de xuño de 2017, “abrir unha liña de cooperación co goberno autonómico en materia de prevención de incendios coa elaboración dun estudo urxente para a preparación de franxas de biomasa como medida de protección contra incendios forestais nos núcleos de poboación dos concellos”.

Que o estudo tiña carácter de urxencia e nas últimas semanas estanse a producir, na provincia de Ourense, vagas de grandes lumes que arrasaron miles de hectareas; que provocaron a evacuación de persoas e animais; que cortaron o tráfico en estradas e autovías e que obrigaron a decretar a situación 2 de alerta en varios municipios, o que implica risco para as persoas.

Por elo SOLICITA

Copia do estudo urxente para a preparación das franxas de biomasa como medida de protección contra incendios forestais nos núcleos de poboación dos concellos da provincia.

En Ourense, 25 de agosto de 2017



SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

www.psdegpsosedepourense.es

socialistaourense@gmail.com

Facebook: PSdeGDepOU

Twitter: @PSdeGDepOU